

# Actas do **S**impósio Ricardo **Carvalho** Calero Memoria do **S**éculo

Edición de  
Teresa López e Francisco Salinas



Editan:

© **Departamento de Galego-Portugués,  
Francés e Lingüística  
da Universidade da Coruña**  
Campus de Elviña, s/n. A Coruña

© **Asociación Sócio-Pedagóxica Galega**  
r/ Laracha, 9, entrechán  
15010 A Coruña  
Teléfono e fax: 981 27 82 59

Deseño gráfico do Simposio: Torné Asociados

Deseño da edición e maquetación: Antonio Souto

Impresión: Imprenta Provincial

Dep. Legal: C-617-02

I.S.B.N.: 84-89679-66-5

I.S.B.N.: 978-84-9749-767-1 (electrónico)

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671>

Actas do **S**impósio  
Ricardo **C**arvalho Calero  
Memoria do **S**éculo

Edición de Teresa López e Francisco Salinas

Organizan:



Colaboran:



# Organización

---

Departamento de Galego-Portugués,  
Francés e Lingüística da Universidade da Coruña  
Asociación Sócio-Pedagóxica Galega

## Presidencia de Honra

---

M<sup>a</sup> Ignacia Ramos.

## Comité Científico

---

Prof<sup>a</sup> Doutora M<sup>a</sup> Victoria Carballo-Calero Ramos (Universidade de Vigo).  
Isaac Díaz Pardo.  
Francisco Fernández del Riego.  
Prof. Doutor Justo González Beramendi (Universidade de Santiago de Compostela).  
Prof. Doutor Basilio Losada Castro (Universitat de Barcelona).  
Prof<sup>a</sup> Doutora María Camino Noia Campos (Universidade de Vigo).  
Prof. Doutor José Luis Rodríguez Fernández (Universidade de Santiago de Compostela).  
Prof. Doutor Jurjo Torres Santomé (Universidade da Coruña).

## Comité Organizador

---

**Coordenación:** Teresa López (Universidade da Coruña), Francisco Salinas Portugal (Universidade da Coruña).

**Presidente:** Carlos Paulo Martínez Pereiro (Universidade da Coruña).

**Vicepresidente:** Alberte Ansede (Asociación Sócio-Pedagóxica Galega).

**Vogais:** Pola Universidade da Coruña: Manuel Ferreiro, Xosé Ramón Freixeiro, Elisardo López Varela, Luciano Rodríguez, Goretti Sanmartín e Laura Tato.

Pola Asociación Sócio-Pedagóxica Galega: Xoán Costa, Teresa Fiaño, Anxo Gómez Sánchez e M<sup>a</sup> Xosé Bravo.

**Secretario:** Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

**Secretaría do Simposio:** María Calvo, Xoán Carlos Lagares.

# Índice

<b>Presentación</b>	7
<b>Prólogo</b>	
José Luis Meilán Gil .....	9
<b>Conferencia Inaugural</b>	
Ricardo Carvalho Calero, Gallaecia Magna. José Luís Rodríguez .....	11
<b>A investigación lingüística e literaria</b>	29
<b>Como sair do cerco. A legitimación galeguista da Literatura Galega por Carvalho Calero e a génese da súa centralidade no campo da crítica literaria.</b> Elias J. Torres Feijó ....	31
<b>A obra lingüística de Carvalho Calero.</b> Ramón Mariño Paz .....	67
<b>A narrativa</b>	107
<b>A narrativa de Carvalho Calero na encrucillada dos anos cincuenta.</b> Manuel Forcadela .....	109
<b>A descrición na obra narrativa de Carvalho Calero. Análise retórica e hermenéutica.</b> Arturo Casas .....	119
<b>Do carácter híbrido na narrativa breve de Carvalho Calero. (Da ambigua verdade intempestiva de <i>Aos amores seródios</i>).</b> Carlos Paulo Martínez Pereiro.....	137
<b>A poesía</b>	161
<b>O discurso metapoético de Ricardo Carvalho Calero.</b> Xosé María Álvarez Cáccamo .....	163
<b>As pegadas de Manoel Antonio na poesía de Ricardo Carvalho Calero.</b> Kathleen March ....	171
<b>Carvalho Calero. Mitos para un exilio.</b> Pilar Pallarés .....	183
<b>O teatro</b>	203
<b>Carvalho Calero: o Teatro e a Vida.</b> João Guisan Seixas .....	205
<b>Carvalho Calero no diagrama da comunicación dramática. Carballo, poeta dramático e ironista.</b> Araceli Herrero Figueroa .....	227
<b>A intervención política e cultural</b>	249
<b>O compromiso cultural de Carvalho Calero: a reintegración lingüística galego-portuguesa.</b> José-Martinho Montero Santalha .....	251
<b>Reflexións sobre a Segunda República.</b> Xosé Ramón Barreiro Fernández .....	263
<b>Carballo Calero, un xove nacionalista. 1926-1936.</b> Justo Beramendi.....	281
<b>O home</b>	295
<b>Algúns recordos de Carvalho Calero.</b> Isaac Díaz Pardo .....	297
<b>Ricardo Carvalho Calero: a elegancia do intelectual comprometido.</b> Miguel Anxo Fernán-Vello.....	301
<b>O professor, o mestre, o amigo: evocación saudosa.</b> Aurora Marco.....	309
<b>Clausura do Simposio</b>	
<b>Carvalho Calero novelista.</b> Darío Villanueva.....	323
<b>Apéndices</b>	341
<b>Apéndice fotográfico.</b> .....	343
<b>Ricardo Carvalho Calero escribe a Xosé Filgueira Valverde. Dados para a antoloxía da poesía galega do ano 1936.</b> Teresa López.....	349

# Ricardo Carvalho Calero escribe a Xosé Filgueira Valverde. Dados para a antoloxía da poesía galega do ano 1936

Teresa López

Universidade da Coruña

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671.349>

**A** carta que publicamos a seguir foi enviada por Ricardo Carballo Calero a Xosé Filgueira Valverde no inicio do ano 1936. A razón de publicala hoxe, sesenta e seis anos despois, é que, para alén de tratar cuestións de carácter profesional e amical, contén a resposta de Ricardo Carvalho Calero ao cuestionario enviado por Xosé Filgueira Valverde como base para a antoloxía de poesía galega que este estaba a preparar por encomenda do Seminario de Estudos Galegos. É un documento só coñecido por referencias parciais que nunca se publicara integramente. O seu interese animounos a dala a coñecer como apéndice ás *Actas do Simposio 'Ricardo Carvalho Calero: Memoria do Século'*<sup>1</sup>.

A antoloxía fora un encargo do Seminario que tiña un duplo obxectivo: homenaxear a Rosalía de Castro no centenario do seu nacemento e ofrecer unha panorámica completa de toda a poesía galega. Segundo a información que nos proporciona *A Nosa Terra*, a iniciativa de preparar debidamente a celebración do centenario do nacemento de Rosalía surxiu de Antón Villar Ponte. Del veu tamén a proposta das institucións que debían organizar as conmemoracións: a Academia Galega, a Facultade de Filosofía e Letras e o Seminario de Estudos Galegos. Desde as páxinas da publicación nacionalista recolleuse e impulsouse a iniciativa:

E con elo queremos insistir en que compe dispoñerse xa a orgaizalo pensando en que a data, para Galicia de recordación esgrevia, tén de acadar a resonancia que corresponde [sic] ao seu significado ("O centeario de Rosalía", *A Nosa Terra*, 24.8.1935)



<sup>1</sup> A copia da carta de Xosé Filgueira Valverde en xuño de 1990, no curso dunha entrevista no Museo de Pontevedra. A pesar de que Varela (1999) sinala que foi publicada nalgún dos volumes de *Adral*, non a puidemos localizar, nen nesa colección nen en ningún outro lugar. Tampouco figura en nengunha das bibliografías de e sobre Carvalho Calero que consultamos. Mesmo en caso de que se publicase, a dificultade en localizala fala por si soa da súa escasa difusión e, por tanto, da pertinencia desta publicación.

Na asemblea anual do Seminario de Estudos Galegos celebrada a finais dese ano decídese que unha das contribucións á celebración será a publicación dunha compilación de poesía galega:

Para conmemorar o centenario de Rosalia de Castro no ano 1937 o Seminario propónse labourar intensamente. Encarregou a Filgueira Valverde a realización de un magno Cancioneiro galego que comprenda dende o medieval deica a nova xeñeración e que en cinco tomos reúna as máis vivas creacións da nosa lírica (“Seminario de Estudos Galegos”, *A Nosa Terra*, 15.11.1935)

A data desta información anticipa levemente a que fora mencionada por Filgueira (1999) como momento do encargo (o mes de decembro), e o seu contido introduce algunha dúbida a respeito de cal sería o número exacto de volumes da obra; se a información que vimos de reproducir fala de cinco, Filgueira dirá que se trataba de seis:

Disporíase en seis volumes que abranguerían dende o medieval ós autores coetáneos. O adicado a éstos sería o primeiro en saír. Pretendía unha colleita xenerosa e obxectiva. Para dispola ape-louse á consulta, seguindo o modelo da recente de Gerardo Diego (Filgueira 1991: 5)

Tal e como explica o encargado de levalo a cabo, o proxecto promovido polo SEG seguía o modelo da antoloxía da poesía española que estaba a publicar a editorial Signo e que se iniciara en 1932 coa publicación do volume correspondente á poesía contemporánea, preparado por Gerardo Diego (reeditado en 1934), e continuara co correspondente á poesía medieval, publicado en 1935 por Dámaso Alonso<sup>2</sup>.

A consulta dirixiuse a uns cincuenta poetas. Conserváronse só vinte e tantas respostas. Algunhas cartas devolvéronse por erro no enderezo (casos de García Lorca e Montes) e houbo respostas que se perderon (a de Cabanillas) (Filgueira 1991: 6)<sup>3</sup>. A maior parte dos materiais que habían de servir para preparar a antoloxía permaneceron inéditos durante longo tempo; só nos últimos anos da súa vida Xosé Filgueira Valverde foi dando a coñecer, aos poucos, algunhas das cartas –ou dados do seu contido– que lle foran enviadas con motivo da antoloxía: as de Celso Emilio, Bouza Brey, Cunqueiro e Iglesia Alvariño<sup>4</sup>.

A través delas podemos inducir cal era o cuestionario: datos biográficos (incluíndo a formación académica, as leituras), preferencias estéticas (con especial mención dos poetas galegos preferidos), forma de traballo, obra poética, modelo de lingua literaria, norma lingüística, poética, varias preguntas sobre a escolma e o seu lugar e función nela (ao lado de quen querían ir, quen debe figurar) e unha selección de poemas.

<sup>2</sup> Os volumes en que traballaban Jorge Guillén e Pedro Salinas –dedicados aos séculos XVI-XVII– non chegarían a publicarse.

<sup>3</sup> Segundo Varela Suanzes-Carpegna, Bal e Blanco Amor quedaron en facer a entrega da súa resposta mais “os sucesos inmediatos o impediron” (Varela 1999: 102, n. 39).

<sup>4</sup> Varela (1999) dá como publicadas as respostas de Celso Emilio, Carballo Calero, Bouza-Brey... Nós sabemos da publicación –total ou parcial– das correspondentes a Celso Emilio (Filgueira 1981 [1979]), Iglesia Alvariño (Filgueira 1989 [1986]), Cunqueiro (Cunqueiro 1991) e Bouza (Bouza 1992).



Non sempre os enquisados atenderon de forma puntual (e na orde anterior) a todas e cada unha das cuestións propostas. Bouza Brey, por exemplo, prescinde de facer calquera selección no conxunto da súa obra poética. Carvalho Calero, en lugar de indicar os poemas da súa preferencia e realizar unha autoescolma, opta por proporcionar indicacións sobre qué poemas debían ser eliminados nunha hipotética selección. Cunqueiro obvia calquera referencia ao modelo de lingua ou aos seus criterios ortográficos; Carvalho dá resposta a ambos os aspectos con exactitude académica<sup>5</sup>.

Na contestación de Ricardo Carvalho Calero resulta significativa a precisión nas cuestións sobre a poesía galega contemporánea, achegando información probabelmente descoñecida do antólogo –o nome de Rafael Pazos<sup>6</sup>–, e mostrando un amplo coñecemento e opinións ben definidas sobre poetas e tendencias –que xa puxera de manifesto en traballos como “Ollada encol da poesía lírica galega contemporánea” (1931). Igualmente destaca a súa agudeza crítica, ao salientar a Otero Pedrayo como poeta –unha faceta do escritor ourensán aínda hoxe preterida, cando non esquecida–, e a conciencia de historiador da literatura –ao sinalar o interese de recoller a obra poética galega de Valle Inclán.

Mais do conxunto da resposta de Carvalho o realmente relevante resulta a reflexión que realiza, por conta propia, sobre a función da antoloxía e os criterios que debían guiar a súa confección. Cando se refire á premisa de que debía partir a selección (a poesía galega só pode ser a poesía en lingua galega) non está a responder ao enquérito –que só preguntaba polos ‘nomes’ que debían figurar nela–, está a anticipar o criterio filolóxico en que asentará logo a súa *Historia da literatura galega contemporánea*; cando se refire ao fin “político-cultural” que a antoloxía debe cumprir está tamén a sinalar o papel que no proceso de institucionalización da literatura galega lle correspondía desenvolver (véxase González Millán 1999). Coa insistencia en facer valer o rigor estético por cima de calquera concesión á exhaustividade, Carvalho está a tentar conxurar o risco –evidente nunha antoloxía da amplitude e extensión da promovida polo Seminario de Estudos Galegos– de pór ao servizo da lexitimación da literatura galega o número dos seus cultivadores, e a procurar equilibrar a representatividade da selección e a calidade poética, pondo a primeira en dependencia da segunda.

Esta antoloxía de poesía comparte coa maior parte das seleccións antolóxicas da literatura galega –as precedentes mais tamén boa parte das posteriores– a limitación a este xénero. Desde as primeiras antoloxías decimonónicas –manuscritas e inéditas, como a de Casal y Lois ou a de

<sup>5</sup> Carvalho Calero realizara estudos de Filoloxía no marco da licenciatura de Filosofía e Letras. Para alén disto, participou activamente nos traballos desenvolvidos pola sección de Filoloxía do Seminario de Estudos Galegos, entre os cales figurou a elaboración de “Algunhas normas pra a unificación do idioma galego”, publicadas en 1933. Sobre o labor do Seminario no plano lingüístico, véxase Carballo (1978).

<sup>6</sup> Segundo a lista ofrecida por Varela (1999: 101-102, n. 38), Rafael Pazos foi incluído por Filgueira entre os autores consultados. Carballo (1981: 709, n. 74) incorpóralo á lista de poetas neorrománicos ou imaxinistas.



Antonio de la Iglesia–, a redución á poesía é unha constante que se explica tanto por tratarse do xénero fundacional da literatura galega (contemporánea), como por ser o poético o único xénero que tivera un desenvolvemento ‘normal’ –cando menos en termos de continuidade cronolóxica e número de textos– e, tamén, polo lugar que a poesía e o lirismo ocuparan na teorización galeguista.

En relación ás antoloxías precedentes, a do Seminario é a máis ambiciosa: pretendía ser unha *summa* en que confluírían os propósitos de divulgación, compendio e sistematización da poesía galega. O procedemento escollido para realizar a selección –cando menos en relación ao período contemporáneo– fai que o labor do antólogo consista fundamentalmente en seleccionar autores, só secundariamente textos. Da carta de Carballo –e doutros testemuños– non se desprende que estes tivesen que ser –como indica Varela (1999)– unicamente inéditos<sup>7</sup>, opción que reduciría notabelmente a representatividade da escolma, que pretendía mostrar o que era e o que fora a poesía galega contemporánea.

A carta a Filgueira Valverde contén datos biográficos que confirman –e completan– os que o propio Carvalho facilitaría anos despois, especialmente nas súas conversas con Fernán-Vello e Pillado (1986), Carne Blanco (1989) e Salinas (1991). Para alén disto, proporciona noticias sobre o día a día de don Ricardo nos inicios de 1936, a súa vinculación con Lugo, as tarefas e ocupacións cotiás (a combinación entre o traballo e a preparación dunhas oposicións que precisaban dun tempo co que non contaba –e que vía como medio de asegurar unha estabilidade profesional que o liberase de preocupacións económicas futuras–, a petición de consello ao amigo que, pola súa experiencia, podía orientalo) e tamén retrata o seu carácter –a concentración na lectura do xornal que o distrae da chegada do autobús. Lemos tamén cómo vía case imposible poder concorrer a esas oposicións de convocárense en xuño –convocatoria que se produce durante o tempo de redacción da carta– mais ás cales finalmente acudiría –e serían o motivo polo cal se encontraba en Madrid cando se iniciou a guerra civil (Marco 1992: 81, Montero 1993: 58-59).

Na resposta ao enquérito, Carvalho adianta valoracións e informacións que anos despois repetirá: a súa conciencia de ter sido un “neno triste” (Blanco 1989: 16), os inicios como escritor comendo zarzuelas e dramas (Fernán-Vello e Pillado 1986: 25-26), a conmoción estética que lle provocou a lectura de *Azul* de Rubén Darío (Montero 1993: 29), a vocación literaria que desde cedo se decanta cara á poesía... Nesa temperá vocación literaria inclúese tamén a composición de novelas de

<sup>7</sup> Se reparamos na selección que realiza, por exemplo, Álvaro Cunqueiro, vemos como, xunto con materiais inéditos, indica varios poemas de *Mar ao Norde* (Porto 1-3, M. Outa: 7, IIIa: 2-6) (Cunqueiro 1991: 26). Polos exemplos que coñecemos, tampouco parece exacto afirmar que na antoloxía se encontrarían explicacións ou comentarios dos poetas sobre a súa propia obra.



capa e espada, completándose así o abano da dedicación xenérica do precoz escritor coa narrativa de xénero.

Mais a contestación ao cuestionario dá conta tamén de proxectos fanados –como a propia antoloxía a que ía destinada–: a reedición de *Trinitarias*, que incorporaría novos poemas e cun novo título, *Versos para olvidar*, e que nunca saíría á luz (Blanco 1991: 21), ou a publicación da súa primeira obra teatral, que correría por conta de Nós, que tiña que ser *O fillo*<sup>8</sup>.

Nas consideracións que realiza sobre a súa propia obra, Carvalho Calero vai mostrar xa un aguzado sentido autocrítico, procedendo non a realizar unha selección dos poemas da súa preferencia –como se lle solicitaba– senón facilitando unha lista daqueles que estimaba prescindíbeis nos dous libros que publicara, *Vieiros* e *O silencio axionllado*. A reedición dos dous poemarios en *Pretérito imperfecto* será en realidade unha selección antolóxica de ambos, que inclúe só “os que me pareceron capaces de resistir hoje unha lectura indulgente, ao menos por parte do propio autor” (Carballo 1980: 10). A indulxencia de 1980 era notabelmente inferior a de 1936, de forma que dos trinta poemas que compuñan *Vieiros* na primeira edición só reeditará nove<sup>9</sup>: xunto cos dez desbotados na carta a Filgueira, desaparecerán máis once. Con *O silencio axionllado* prodúcese unha operación semellante: na primeira edición reúne trinta e oito poemas, a edición definitiva constará tan só de vintecinco. Entre os trece eliminados están os dous citados nesta carta, o 10, *¡Aquel campo nocturno...* e o 21, *Inda tiña eu como péxegos dondas*.

Por tanto, é un proceso de depuración que continuará co tempo mais que non parece mudar o criterio que o preside, só facelo máis rigoroso. Se *Vieiros* e *O silencio axionllado* comprendían “o que entón estimaba eu legíbel do moito que en verso tiña escrito na miña mocidade, entre os dezaseis e os vintetrés anos” (Carballo 1980: 10), aos vinte-cinco anos xa considera necesario realizar unha selección aínda maior sobre ese material –xa édito– que, co transcurso do tempo, será obxecto dun novo proceso selectivo. Non deixa de resultar significativo que a que pode considerarse edición da súa obra literaria ‘completa’ –os catro volumes de Edicións do Castro– conduza, por unha parte, á edición de obras que permaneceran inéditas máis de catro décadas (caso da obra teatral *O fillo*) e á publicación de senllos volumes cos títulos de *Narrativa completa* e *Teatro completo*, mentres que sobre poemas e poemarios se realice unha selección que dará lugar aos volumes titulados *Pretérito imperfecto* e *Futuro condicional*. A diferenza na actitude cara á poesía non é máis que unha manifestación da identificación da

<sup>8</sup> Non se editará ata 1982, abrindo o volume do seu *Teatro Completo*. As razóns de dala a coñecer precisamente nesa altura –e non antes, por exemplo, cando publica *Catro pezas* (1971)– dánolas o propio autor, na “Nota liminar”, ao sinalar que, xunto con *Isabel*, serve para “completar o volume do mesmo e dar testemuño dun proceso de formación, asemade, con eses ensaios de mocidade, desbotados na selección precedente” (Carballo 1982: 7).

<sup>9</sup> Case todos os poemas desbotados por Carvalho figuran no inicio do poemario. Os que se manteñen na que podemos considerar edición definitiva son “Profecía da noite amargurada”, “Evocazón da infancia perdida”, “Esculca”, “Aperta”, “Parque” –retitulado “Parque (Lugo)”–, “Mañán”, “Bibliófilo”, “Fiesta ó Mar e á Cidade” e “Abisag”.

súa creación literaria con ese xénero, desa rotundidade con que afirma na carta a Filgueira Valverde, “Non penso volver a escribir cousa que non sexa verso lírico”. Se ben houbo un Carballo narrador e un Carballo autor teatral, parece evidente que a súa vocación literaria estaba desde cedo claramente orientada cara á poesía.

Por todo isto é especialmente ilustrativo contrastar as reflexións (auto)poéticas desta carta con outras posteriores, nomeadamente coa ‘Poética’ publicada na *Escolma de poesía galega* de Fernández del Riego (1955). As afirmacións de Carvalho do ano 1935 son máis precisas, teñen marcado carácter informativo (hai que ter presente que está a responder un cuestionario, que a súa finalidade é fornecer datos que logo poidan ser elaborados) e, aínda de forma sucinta, quen fala é o crítico –e o historiador da literatura– que se ollá como poeta e que pretende caracterizar as súas obras segundo a tendencia dominante en cada unha delas e situarse no panorama da poesía galega contemporánea. Nos parágrafos que preceden a selección de poemas da *Escolma* do ano 1955 é a súa opinión “encol da poesía en xeral e da galega en particular” que evita pronunciarse en termos concretos, sobre todo no segundo caso.

Da imaxe que nos transmite de si como poeta, resulta significativa a contundencia con que manifesta “Non teño ningún contacto con Amado Carballo”, afirmación que habería que entender máis como negación dunha filiación de escola –e distanciamento dos principios estéticos xerais do que logo o propio Carvalho denominaría hilozoísmo–, que como negación da evidencia: a presenza de imaxes de impronta amadocarballiana nos seus primeiros poemarios –ben é certo que sobre todo nos poemas que xa daquela eliminaba como obxecto dunha posíbel selección–, imaxes que, en última instancia, son de estirpe ultraísta e comúns a unha boa parte da poesía galega das décadas de vinte e trinta. A declaración de afinidades (Bouza, Blanco Amor, Montes) apuntaría á mesma liña de apreciación que serve para xulgar os seus poemarios publicados: estética posrubeniana ou, se se quixer, orientación pos-simbolista. E na declaración de preferencias estéticas de carácter xeral, destaca a concepción da arte en xeral (e da poesía en particular) como técnica, unha concepción afirmada posteriormente.

Cando Carvalho Calero ordena o panorama poético contemporáneo –para se situar nel– está tamén a realizar unha selección que establece o canon da poesía galega de preguerra, un canon que logo contribuiría a consolidar en estudos posteriores, nomeadamente na *Historia da literatura galega contemporánea*. Da mesma forma, a preferencia que



manifesta por Bouza e Cunqueiro farase evidente na súa faceta de crítico e historiador literario: ao primeiro dedicará a que se pode considerar a súa primeira monografía nos estudos poéticos (“Glorias e perigos da poesía de Fermín Bouza Brey”), ao segundo prestará atención constante nos seus estudos literarios, como poeta e como narrador e autor teatral.

En suma, na carta a Xosé Filgueira Valverde, Ricardo Carvalho Calero realiza un deseño de orientacións, preferencias e opinións que o tempo completaría mais nunca contradiría.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

---

Blanco, C. (1989): *Conversas con Ricardo Carballo Calero* (Vigo: Galaxia).

Blanco, C. (1991): *Política e cultura* (Sada: O Castro).

Bouza Brey, F. (1992): *Autopoética 1935* (Santiago: Consello da Cultura Galega).

Carballo Calero, R. (1978): “O idioma”, *Testemuños e perspectivas en homenaxe ao Seminario de Estudos Galegos: 13-19* (Sada: O Castro).

Carballo Calero, R. (1980): *Pretérito imperfecto* (Sada: O Castro).

Carballo Calero, R. (1981 [1963]): *Historia da literatura galega contemporánea* (Vigo: Galaxia).

Carballo Calero, R. (1982): *Teatro Completo* (Sada: O Castro).

Cunqueiro, A. (1991): *Autopoética e poesías. 1935* (Santiago: Consello da Cultura Galega).

Fernán-Vello. M. A. e Pillado, F. (1986): *Conversas en Compostela con Carballo Calero* (Barcelona: Sotelo Blanco).

Fernández del Riego (1955): *Escolma de poesía galega. IV: Os contemporáneos* (Vigo: Galaxia).

- Filgueira Valverde, X. (1981 [1979]): "O primeiro Celso Emilio", *Segundo Adral*: 435-437 (Sada: O Castro).
- Filgueira Valverde, X. (1989 [1986]): "Da autopoética de Aquilino", *V Adral*: 79-81 (Sada: O Castro).
- Filgueira Valverde, X. (1991): "Presentación", en Cunqueiro, A., *Autopoética e poesías. 1935*: 3-11 (Santiago: Consello da Cultura Galega).
- González-Millán, X. (1999): "¿Unha antoloxía de antoloxías ou unha macroantoloxía nacional? Notas para unha análise cuantitativa de *Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía galega (1999)*", *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 135-147.
- Marco, A., (1992): *Foula e ronsel. Os anos xuvenís de Carvalho Calero (1910-1941)* (A Coruña: Fundación Caixa Galicia).
- Montero Santalha, M. (1993): *Carvalho Calero e a súa obra* (Santiago: Laiovento).
- Salinas Portugal, F. (1991): *Voz e silencio. Entrevista con Ricardo Carvalho Calero* (Vilaboa: O Cumio).
- Varela Suanzes-Carpegna, A. (1999): "As antoloxías literarias galegas: do Rexurdimento a 1936", *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 79-102.



RICARDO CARBALLO CALERO<sup>10</sup>

RUBALCAVA, 40-A-1º

O FERROL<sup>11</sup>

Sr. D. Xosé Filgueira Valverde.

Lugo.

Querido Filgueira: Estiven en Lugo dendes do 21 de nadal ate o 7 de xaneiro. Ese día agardaban no Instituto que chegaras i eu funche a esperar ao coche de Pontevedra. Mais como o coche tardaba moito en chegar púxenme, a algunha distancia da parada, a leer o periódico e aconteceu de sorte que cando erguín os ollos do papel o coche estaba alí, valeiro xa dos seus ocupantes. Fun ao "Méndez Núñez", onde me dixeron que non chegaras. Entón cheguei á conclusión de que aínda te non atopabas en Lugo e funme a xantar. Horas despois saía para O Ferrol.

A túa carta do 22 de novembro é para min moi útil e conforme a ela orientaréi a preparación. N-ista tropezo con unha chea de incomentes derivados da estreitez do meu tempo disponibre. Por outra banda, seráme forzoso axiña encarregarme nos colexios de máis crases que as que dou agora (e n-istas condicións non séi cando poderéi estar discretamente preparado. Dixéronme que as oposicións poden ser en Xulio). Por múltiples razóns seráme imposible acudir a elas, aparte de que pra alá non daría traballado o indispensable. ¿Cal é a túa impresión encol do particular? ¿Estarás ti no primeiro Tribunal?

Dempóis de ganar o premio extraordinario de Licenciatura, cousa que se me non trabuco debéu de acontecer nos derradeiros días de outubro, púxenme a estudar literatura grega e romana, alternando con un pouco de gramática e a lectura de obras. Tomando como base os manuais de Labor pódese decir que co mes corrente deixaréi vencido o traballo. Resulta<sup>12</sup>, pois, que necesito mes e medio para a literatura de cada país estranxeiro. Isa conta diferiría ate moi tarde a posibilidade de facer oposicións. ¿Qué pensas de isto? Agardo que me aconselles desde un punto de vista realista, baseado na experiencia. Ando moi preocupado, porque necesito imperiosamente asegurar a miña economía, hoxe suficientemente próspera, máis de abondo hipotecada a todos os albares.

Non séi quen é ise Villar en cuio poder está o programa das túas oposicións. So rescatas, mándamo.

Agradézoches a túa felicitación de ano novo e paso a responder ao inquirito pra a Antoloxía. Supoño que unicamente intresas dos poetas datos, e non decraracións pra insertar literalmente. Así, pois, envíoches sinxelas noticias que ti elaborarás.

Remontando unha xeneración pol-a miña arbre xenealóxica<sup>13</sup> topamos con xente típicamente popular, con xente do pobo, por todas as bandas. Xente do

<sup>10</sup> Transcribimos fielmente o texto manuscrito. Cando detectamos algunha omisión marcamos a incorporación en negra e as (mínimas) modificacións introducidas –sempre rectificando o que nos pareceu erro evidente– anótanse a rodapé.

<sup>11</sup> Membrete impreso.

<sup>12</sup> *ms.*: Resuelta.

<sup>13</sup> *ms.*: Xenealóxica.

pobo que na xeneración dos meus pais logrou incorporarse á burguesía, á crase media. Non séi que tivera ningún antepasado intelectual. Nacín no Ferrol, no rueiro chamado Ferrol Vello e vivín sempre na miña cidade natal, agás de unha curta tempada en Madrid e a miña permanencia en Compostela, de estudante. Nos vrans, de neno, paséi tempadas na aldea. A miña residencia preferida sería Santiago.

Estudei pra marino algún tempo. Fixen o bacharelato na Cruña, Lugo e Ciudad Real. En Compostela comencéi a estudar o ano 1926. Licenciéime en Dereito en 1931 i en Letras en 1935. En mayo de 1933 obtiven por oposición unha praza de empregado administrativo do Axuntamento do Ferrol. En novembro do 35 pedín a escedencia. Agora vivo de dar crases de Letras e Dereito pra o Instituto e a Universidade. Aspiro sinxelamente a ser catedrático de Instituto, pois me non creo con forzas pra máis. Lograda isa posición, consagrarme escrusivamente á literatura e a Galicia. Estóu casado dende 1933. Fora da miña casa, en Ferrol, apenas me relaciono coa xente.

Comencéi a facer versos aos doce ou trece anos. O primeiro que escribín foron zarzuelas e dramas. Tamén escribía novelas de capa i espada. Todo isto denantes de adequirir a tecnica indispensable. Contemporaneamente, fixen versos líricos, o único que hoxe gusto de facer. Moitas cousas influiran pra que eu fora un neno triste, e os meus versos de entón éranos tamén. Unha vegada poiden leer “Azul” de Rubén Darío, que causóu no meu gusto unha enorme revolución. Os máis antigos dos meus versos, antre os que hécí conservado, son de aquel intre. As miñas primeiras lecturas foron os clásicos casteláns da Biblioteca de A. E. de Rivadeneyra, que había no Colexio en que estudaba, especialmente os dramaturgos do século de ouro. Sempre comprendín a Calderón, de neno, mellor que a Lope. Por entón lín tamén a Shakespeare, no que me atopaba moi a gusto e como en un mundo propio e aos tráxicos e líricos gregos.

Aos crásicos galegos os conocín tardiamente, pero denantes de coñecelos xa escribía versos na nosa fala. Rosalía e Pondal parécenme superiores a Curros. Non suscita en min ningún entusiasmo a nosa poesía actual, considerada en conxunto: Dos poetas mozos, Bouza Brey representa a máisima realización e Álvaro Cunqueiro a máisima posibilidade.

En arte como en literatura prefiro a sabia técnica crásica e barroca á cega paixón romántica.

A miña obra poética está recollida en catro libros, todos os cuales coñeces ti. “Trinitarias” (Ferrol 1928) e “La soledad confusa” (Compostela, 1932) en castelán; “Vieiros” (A Cruña, 1931) e “O Silenzo Axionllado” (Compostela 1934). Dende 1930, data dos derradeiros poemas de “La Soledad” non escribin en castelán. O máis antigo poema de “Trinitarias” é de 1925. O máis antigo de “Vieiros” de 1927. “Trinitarias” é un libro de senso romántico e de forma modernista. En “Vieiros” o modernismo evoluciona cara formas poéticas máis puras: no poema inicial hai un eco romántico; siguen poemas de filiación modernista e o libro remata en plena estética post-rubeniana. Ista derradeira liña perpetúase, depurada en toda a miña produción posterior.



Dende “O Silenzo” escribín quínce ou vinte poemas, algúns dos cales se publicaron en revistas. Tamén teño escrito unha obra de teatro en poder de Casal pra que a edite cando quera ou poda. Non penso volver a escribir cousa que non sexa verso lírico.

A miña língoa ven a ser un galego “koiné” como o grego da época helenística. Outéñoo tomando de cada dialecto as verbas máis sonoras, preferindo como base a morfoloxía do galego pontevedrés, máis musical que os demais falares da terra. Creo que así se crearon decote as línguas literarias. Teño un criterio ortográfico completamente formado, patente, por exemplo no “Silenzo”, prósimo ao de outros escritores de hoxe, e cuías características, alí se poden estudar.

Teño imprentados, ademáis dos citados libros, algúns folletos que se citan nas listas insertas nos volumes de poesía. Algúns os coñeces, e como non son de poesía, non creo que fagan falla máis datos encol de iles.

Inédito teño “O fillo”, acción dramática en dous actos, en prosa, e poemas escritos despóis de “O Silenzo axionllado”. Asimismo teño preparada unha segunda edición de “Trinitarias” que incluíría poemas da mesma época non incruídos na primeira, baixo o título “Versos para olvidar”.

Como nacín o 30 de outubro de 1910 son dos poetas máis mozos da miña xeneración. Quixera ocupar na Antoloxía un lugar antre Euxenio Montes e Cunqueiro, despóis do primeiro e denantes do segundo. Falando dos poetas que teñen publicado libros, considero a miña estética menos avanzada ou estremada que a de Manuel Antonio e Cunqueiro e máis avanzada que a de todos os máis. Os meus afíns son Bouza Brey, Blanco Amor i Euxenio Montes. Non teño ningún contacto con Amado Carballo. Desde un punto de vista enxebremente estético eu colocaría así os poetas da antoloxía: Aquilino Iglesia, Amado Carballo, Blanco Amor, Amado Carballo, Delgado Gurriarán, Bouza Brey, Euxenio Montes, Carballo Calero, Cunqueiro e Manuel Antonio. Cicáis fora mellor cólocar a Bouza entre Blanco e Amado. Craro que ti incruirás na Antoloxía outros moitos poetas. Sería de desexar que non foras demasiado xeneroso. Un señor que sexa músico ou médico ou abogado e que un día de optimismo teña feito unha composición poética, non debiera por iso mesturarse cos poetas na Antoloxía. En troques, creo indispensable –supoño que estarás conforme– que figure na colleita, no lugar oportuno, Ramón Otero Pedrayo, pol-o seu extraordinario himno ao xamón, contido en Pelerinaxes. En Padrón hai un poeta inédito e interesante, Rafael Pazos Jiménez, que debe ir na antoloxía. Se non o coñeces, faite co medio de porte en comunicación con il.

Non dúbido que os poemas da antoloxía terán que estar escritos en língoa galega e que iste criterio será absolutamente pechado. O contrario anularía o fin político-cultural que debe cumprir o florilexio. Sería intresante recoller as poucas cousas enteiramente galegas de don Ramón del Valle Inclán. Pero en fin sobre todo isto non dúbido que a túa orientación será inmellorabre.



Non sinto a necesidade de formular un espreso repudio contra ningún dos meus poemas de "Vieiros" e "O Silenzo", de sorte que ti podes facer a selección que che acomode. Non embargantes, atendendo a unha indicación do inquérito, declararéi que ben poderían escriuirse da escolma: de "Vieiros" as composicións tidoadas "Como foi", "O Silenzo do sol", "Deus", "O gafado", "Vaise esvaíndo o amor", "Poema dos bois e as estrelas", "Cantiga do amor lonxano", "Cando rin os meus beizos", "Poema da noite enmeigada", "O estudante adoecido"; e de "O Silenzo", os números 10, 21, ises dous, cicaves, 10 e 21. Se o teu criterio é que figuren tamén inéditos pídemme os que queras e chos mandaréi.

Antre toda ista palla revolta salva i escolma o gran que che interese, e comenmente elaborado, utilízao conforme á túa discreción.

Hoxe entéirome de que hai convocadas oposicións pra xulio. Non podía ser en ocasión peor. Non iréi nin creo que pra entón poidera estar honradamente preparado.

Recíbe as miñas apertas e non deixes de fornecermme os teus consellos.

R Carballo Calero

O Ferrol- 20/1/1936<sup>14</sup>.

---

<sup>14</sup> ms.: 5.



RICARDO CARBALLO CALERO  
RUBALCAVA, 40-A-1.<sup>o</sup>  
O FERROL

Sr. Don Xosé Filgueira Valverde.

Lugo.

Querido Filgueira: Estiven en Lugo dende do 11 de xaneiro até o 17 de xaneiro. O día acordábase co Instituto que chegará i enfunche a esperar ao coche de Pontevedra. Mais entón o coche tardaba moito en chegar peíxeme, a algunha distancia, da parada, a leer o periódico e a escribir de noite que caud' esquece os nomes dos papéis o coche estaba ali, valeiro ja das recubertas. Humeas "Mundo Primé", onde me disseron que non chegará. Intuí que chegara a conclusión de que aínda se un traballaba en Lugo a ganne a vantax. Horas despois saía para o Ferrol.

A túa cabita do 12 de novembro é para min un util e uniforme a da orientación a preparación. N. esta tropa con unha chea de incógnitas derivadas da estreiteza do meu tempo dispoñible. Por outra banda, sempre gozo de ver a euamegarme nos colexios de máis eras que os que dou agora (en estas condicións non sei cando poderei estar directamente preparado). Digo porque

que as oposicións poden ser en Julio. Por omníptiles razóns, sena que imposible acudir a elas, aparte de que para alí un para a ballada o indispensable. Opl é a túa impaciencia avel do particular? ¿Estarás ti un primiro Tribunal?

Senpre de gozar o premio extraordinario da Licenciatura, con- no que se me nun traballo dehein de acurtar nos derradeiros días de outubro, peíxeme a estudar literatura grega e romana, alitendo con un pouco de gramática e a lectura de obras. Formando como bare os programas de Labor, pídese deino que co mes corrente deixara venido o traballo. Rebulita, pois, que necesito mes e un- dio para a literatura de cada país estranxeiro. Na enta, di por- viafate min tarde a feasibility de facer oposicións. ¿Cui poulas de isto? Diga que me acurallas desde un punto del visto sea lista, barado na experiencia. Ondo un preocupado, porque necesi- to imperiosamente asegurad a miña economía, hoxe definitivamente por- fora, mais de abondo hipotecada a todos os altanos.

O non sei quen é ire Villar en maio poder esta o programa das tuas oposicións. Os recatas, mándame.

Agradécote a túa felicitación de ano novo e paso a responder ao

inquieta para a Antolojia. Supera que unicamente historias das festas  
dadas, e non derivacións para intentos literalmente. Ah, pois, en  
viche ligelas noticias que si elaborará.

Recordando unha xeneración pol-a unha arte, xeralmente tolosos  
en xente tipicamente popular, en xente do pobo, por toda as aldeas. Xu-  
te do pobo que na xeneración dos meus pais lo xente incorporáse á burguesía,  
á clase media. Non íei que tivera ningún antepáso intelectual. Non ao  
Henrol, no reino chamado Henrol Vello e viviu sempre na unha alde-  
uadela, azais de unha curta tempada en Madrid e a unha parramoncia  
en Compostela, de estudante. Nos orax, de anos, paici tempadas na  
alde. A minha residencia preferida era Santiago.

Estudei fora opaiado algun tempo. Fize o bacharelato na Ourense,  
Lugo e Ciudad Real. No Compostela comencei a estudar o ano 1900.  
Comencei en Dereito en 1901 e en Letras en 1902. No maio de  
1903 obtivei por oposición unha praza de emprega administrativo  
do Ayuntamiento do Henrol. No novembro do 07, pedín a excelencia.  
Opora vivo de dar coases de Letras e Dereito para o Instituto e a  
Universidade. Depois simplemente a ter catedrático de Instituto,

pois non me enco en foras para máis. Lograda ira posición, comezame  
escrivamente á literatura e a Galicia. Irín casado deude 1907. Forá de un  
un casa, en Henrol, apenas me relacións coa xente.

Comencei a facer versos aos doze ou trece anos. O primeiro que escribí  
form casuclas e dramas. Tamén escribí novelas de capes e capada. Pro-  
vinto deante de adespriir a técnica indispensábel. Contemporaneamente, si-  
ven versos líricos, o tipo que hoje queto de foras. (Minto coas influencias  
para que eu fora un neto triete, e os meus versos de cubra erano far-  
meu. Unha vezada poiden leer "skal" de Víctor Jairo, que caucion no  
meu queto unha enorme revolución. Os máis antigos dos meus versos,  
antigos que hei conservado, son de aquel cubra. Os meus primeiros  
lecturas form os clásicos casteláns da Biblioteca de A. S. de Divadun-  
ra, que había un Colejio en que estudaba, especialmente os drama-  
tingde do século de ouro. Sempre empeneidín a Calderón, de anos, me-  
llos que a Lope. Vos cubra lín tamén a Shakespeare, no que  
me tatopaba, min a queto e enco en un mundo propio e aos Trápsies  
e lírios gregos.

Nos cubras galigos os comen tardiamente, pero deante de  
conceitos na cubra versos na rosa fala. Rosalia e Prudal pariceime de-



personas a Curros. Non suscita en mim ningun entusiasmo a unha poesía actual, considerada en conxunto. Dos poetas mozos, Rosca Rey representa a máxima realización e Álvaro Auguier a máxima posibilidade.

Eu neste como en literatura prefiro a súa lingua crónica e barroca a cega poesía romántica.

A miña obra poética está recollida en catro libros, todos os cales comecei de: *Frintarias* (Horsel, 1927) e *La Soledad* (Empalme, 1933) en castelán; *Vieiros* (A Cebra, 1931) e *O Silencio Asinellado* (Empalme, 1934). Desde 1933, data dos derradeiros poemas de *La Soledad* non escribí en castelán. O máis antigo poema de *Frintarias* é de 1927. O máis antigo de *Vieiros* é de 1927. *Frintarias* é un libro de versos románticos e de forma modernista.

En *Vieiros* o modernismo evoluciona cara formas poéticas máis puras: os poemas iniciais hai un eco romántico; seguen poemas de filiación modernista e o libro remata en plena estética post-romántica. Esta demanda unha perspectiva, depurada de toda a miña perspectiva posterior.

Desde *O Silencio* escribí quince ou vinte poemas, algúns

dos cales se publicaron en revistas. Tamén teño escrito unhas obras de teatro en galés de Cataluña para que a edita caud Guerra ou Jordá. Pouco podo volver a escribir entre que un sepa poro libro.

A miña lingua acu a tres ou catro "línguas" como o galego da época helenística. Varios tomados de cada dialecto as palabras máis raras, preferindo como base a morfoloxía do galego, púntese uedrés, máis próxima que os demais galgues da terra (cheo que así se encama dicte as línguas literarias. Teño un sistema ortográfico completamente formado, patente, por exemplo no *Silencio*, proximal ao de outros escritos de hoxe, e cuíalo característico, ali se poden estudar.

Teño imprentados, ademais dos citados libros, algúns folletos que se citan nas listas incertas nos volumes de *Spesig*. Algúns os comecei e como un dun de poesía, nun caso que fagan falta máis datos sobre de eles.

Unidito teño *O fello*, acción dramática en dous actos, en prosa, e poemas escritos despois de *O Silencio asinellado*. Ademais teño preparada unha segunda edición de *Frintarias* que incluíra poemas

da mesma época non incorridos na provincia, taisso tidos "veros para olidas".

Como naciú o 30 de outubro de 1910 sou dos poetas máis novos da miúa xeración. Cuijera ocupar na Antoloxía un lugar entre Xurguio Montes e Cuquiro, despois do primeiro e deante do segundo. Falando dos poetas que teñen febricada libros, considero a miúa estética máis avanzada ou estrefuada que a de Manuel Antón e Cuquiro e máis avanzada que a de todos os máis. É a miúa afiú em Rouse Rey, Blanco Amor e Xurguio Montes. Un día cujui contacto em Amado Carballo. Desde un punto de vista ingebremante estético em colocari asi os poetas da antoloxía: Aquilino Galera, Amado Car Blanco Amor, Amado Carballo, Xeldo Curriarain, Rouse Rey, Xurguio Montes, Carballo Calero, Cuquiro e Manuel Antón. Ciciú fora mellor colocat a Rouse entre Blanco e Amado. Croy que Fructuoso em a Antoloxía outros moitos poetas. Genta de deegar que um forma demasiado mesurado. Um scior que seje médico ou abogad e que un dia de optimismo teun feito

unha composición poética, non dehera por iso mesturase cos poetas na Antoloxía. Em troque, cres indifencible - supúms que estarás em nome - que figura na colleita, no lugar oportuno, Xacint Otero Pedray, Xol-o seu extraordinario himno ao xamin, entre do em Pellegrines.

Em Padrón hai un poeta inédito e interesante, Rafael Pazo Jiménez, que debe ir na antoloxía. É nun o empes, faite co medio de porte em comunicaciú em il.

Um dubido que os poemas da antoloxía teun que estas escritas em lingua galega e que iste criterio sera absolutamente pechado. O Antónis amulania o fin político-cultural que debe cumprir o privilegio. Sena interesante recordar as poucas emes interramente galegas de Du Ramón del Valle Inclán. For em fin sobre todo isto nun dubido que a tua orientaciú sera inmejorable.

Um sinto a necesidade de formular un caposo repudio contra ningún dos meus poemas de "Vivins" e "O Silencio", de sorte que tope des faer a deliciú que che amode. Non embargo, aténdund a unha indicaciú do Xurguio, decrarari que ten poderian escrivise na creoluna: de "Vivins" as composiciúns titadas "Como foi", "O Silencio



do sol", "Deus", "O gafado", "Vai-se evaindo o amor", "Poema das bris e  
as estrelas", "Cantigas do amor longano", "Cando non es meus beiros", "Poema  
da noite emigada", "O estudante adocido"; e de "O silencio", os números 10 e 21,  
isso dou, cicave, 10 e 21. Se o teu criterio é que fiquem trancaes emedi-  
tos fideime os que queiras e chos mantavei.

Ante toda itta falla revista salva i evolua o gran que che interde,  
e comumentemente elaborado, utilizado enforme a tua directiva.

Hoje entime de que hai causocadas oposicims pra xilio. Non  
perdia ser en ocarim peor. Non inii nin eres que pra entim podera  
estar honradamente preparado.

Reibe as miuas abertas e nun deixes de fornecerme os teus en-  
redos.

Ricardo Calero

9 Junho de 1937